

NACE O ATENEO AURORA

No barrio coruñés da Agra do Orzán, tivo lugar o pasado 4 de novembro de 2025, a Asemblea fundacional do Ateneo Aurora na Coruña. Pero antes cumpre facer un pouco de historia...

Dende o século XIX, o movemento obreiro na Coruña promoveu multitude de iniciativas de carácter social, educativo e cultural. Ateneos, centros sociais, bibliotecas, publicacións, escolas racionalistas, centros de formación de adultos, corais, grupos de teatro e poesía ... espalláronse polos barrios da cidade ata seren brutalmente acernados pola sublevación fascista de 1936. Unha desas iniciativas, a principios do século XX, foi a Biblioteca Aurora, promovida por, entre outros, o militante libertario Enrique Taboada, que foi un dos obreiros detidos durante meses trala represión da folga xeral de maio de 1901.

Hoxe, no século XXI, recuperamos o seu nome, o seu espírito de divulgación e coñecemento, a súa lembranza pero tamén o seu valor para o presente e para o futuro, dirixido á realización de actividades culturais e sociais a prol da formación e o lecer activo da clase traballadora coruñesa, na procura dun mundo máis xusto e igualitario..

Un dos principais proxectos do Ateneo é a posta en marcha da Biblioteca e

Arquivo Obreiro Aurora cos fondos documentais e bibliográficos recibidos de diferentes entes confederais e de varios fondos particulares de militantes obreiros galegos.

Tralo proceso de catalogación e organización, contará con milleiros de documentos e libros vencellados ao movemento obreiro e as loitas populares, con especial atención ao anarcosindicalismo e o movemento libertario.

Por outra banda, o Ateneo Aurora administra o espazo memorialibertarianagaliza.org, creado en 2023 e concibido como un espazo virtual no que ir recollendo e publicando información a prol da recuperación, conservación e difusión da memoria histórica libertaria e a historia do movemento obreiro e as loitas populares desenvolvidas na Galiza ao longo dos anos.

Outros proxectos, que están xa a ser postos en marcha, son artellar e acoller conferencias, xornadas, seminarios e cursos, así como exposicións, concertos, proxección, presentacións de libros... desenvolvemento de actividades culturais e de lecer activo, participativo e alternativo, así como xerar redes de colaboración e afinidade con outras iniciativas similares no barrio, na Coruña, na Galiza e no resto de mundo.



Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:

Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:

memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:

ateneoaurora@gmail.com

Facebook:

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

X (twitter):

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

Instagram:

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)



ACTIVIDADES - Novembro e Decembro de 2025



7 de Novembro 2025

Presentación do libro “Todo lo que somos”

O compañeiro Luis Camarero presentou a súa segunda novela, titulada “Todo lo que somos”, un roteiro literario entre 1971 e 1987. Un tempo no que semellaba que todo era posible pero tamén no que finalmente case nada do esencial podería ser mudado. Acompañamos neste percorrido pola Transición ao psicólogo Alberto Martín, dende a súa xuventude en Madrid ata o seu trágico final na Coruña.



21 de Novembro 2025

Proxección do documental “Salvador Seguí: historia dun anarcosindicalista”

O documental foi realizado e presentado en marzo de 2022, con motivo do centenario do asesinato do cenetista Salvador Seguí a mans de pistoleiros da patronal.

No filme, dirixido por Gonzalo Mateos e producido pola CGT, coa colaboración da Fundación Salvador Seguí, diferentes personaxes falan sobre a figura histórica de Salvador Seguí, o Noi del Sucre.



18 de Decembro 2025

Concerto de Salvador Amor

Nado en Madrid, o 11 de setembro de 1980 en Madrid, Salvador Amor é porteño de adopción, fillo e neto de músicos, canta e toca a guitarra desde que ten memoria... e son xa máis de dúas décadas subido ao escenario. Cun feixe de discos autoeditados ás súas costas, sempre sen renunciar á liña e ao compromiso de quen sinte e respecta a canción como medio de transformación social.

Parte da súa discografía e maila do seu pai, Rafael Amor, forman xa parte dos fondos da Biblioteca e Arquivo obreiro AURORA.



Participa en AURORA... faite socio/a:

Queres ser socio/a do Ateneo Aurora?
Queres recibir toda a información das nosas actividades e participar activamente no Ateneo?

Queres colaborar coa organización e catalogación da Biblioteca e Arquivo Obreiro e no resto de actividades que estamos a preparar e desenvolver?
Precisamos de todas as mans e todos os corazóns!!


Formulario



Vindeira Asamblea

Martes, **13 de xaneiro de 2026**, ás **18 horas**, na **Casa Sindical da CGT da Coruña**, terá lugar unha nova **Asamblea do ATENEO AURORA**,

BIBLIOTECA E ARQUIVO OBREIRO “AURORA” - novidades



“Nacionalcatolicismo e patriarcado” de Belén López Cillero

Unha obra de investigación de Belén López Cillero sobre o Patronato de Protección a la Mujer e a súa Junta Provincial coruñesa, no que descubre o terrible actuar desta estrutura franquista que funcionou legalmente entre 1941 e 1985.



“Los fugados del fuerte de Ezkaba”, de Fermín Ezkieta

Intensa e minuciosa investigación de Fermín Ezkieta Yaben sobre a fuga en 1938 de preto de 800 presos (deles 55 galegos) do penal do monte Ezkeba. Esta obra vai xa pola 5ª edición revisada, con novos datos e fontes, na editorial Pamiela



Revista Libre Pensamiento, nº122 e nº123


Incorporamos os dous últimos números da revista **Libre**

Pensamiento, da CGT:

O nº 122, titulado “50 anos sin Cipriano Mera”, de verán de 2025, está dedicado ao militante anarcosindicalista


Cipriano Mera, ao se cumprir 50 anos do seu pasamento en Francia.

O nº123, titulado “50 años de impunidad... ni uno más”, de outono de 2025, cun dossier de Memoria Libertaria – CGT dedicado á resistencia libertaria contra a ditadura franquista, cando se cumpren 50 anos da morte do ditador.



“Gregaries, okupas & prekaries” de Manolito Rastamán

Hai 17 anos que Rojo y Negro, voceiro da CGT, ven publicando as tiras de Manolito Rastamán. Protagonizadas nun principio por Gregario, foron engadíndose novas personaxes. Esta é a terceira recopilación baixo o título “Gregaries, okupas & prekaries”. editada pola CGT, no presente ano 2025.



“Diarios” de Syra Alonso

Reedición dos diarios que Syra Alonso escribiu logo de que a sublevación fascista de 1936, arrancara a vida ao seu compañeiro, o pintor Francisco Miguel.

Editados por Alvarellos e a Deputación coruñesa en 2025, contan con material inédito que completa os textos, publicados anos antes por A Nosa Terra.